

PLATÓN. CUESTIÓN TEXTOS. REPÚBLICA (POLITEÍA). O MITO DA CAVERNA

1. REALIDADE. ONTOLOXÍA. ¿En que mundo se sitúa a realidade, no interior ou no exterior da caverna?, ¿as sombras que ven os prisioneiros son reais?, ¿que grao de realidade posúen?, ¿onde situarías o máximo nivel de realidade?

2. VERDADE. EPISTEMOLOXÍA. ¿Que é o verdadeiro e onde se localiza?, ¿que personaxe accede á verdade?, ¿que resulta falso e onde se ubica?, ¿cabe considerar ás sombras como verdadeiras? Verdadeiras, ¿para quen?

3. COÑECEMENTO. GNOSEOLOXÍA. ¿O coñecemento da realidade é algo de fácil acceso para o ser humano?, ¿trátase dun proceso repentino ou lento e gradual?, ¿que personaxes alcanzaron o coñecemento?, ¿onde se situaría o máximo nivel de saber?, ¿onde o grao mínimo de coñecemento?, ¿quen se atopa no absoluto descoñecemento da verdade ou da realidade?

4. EDUCACIÓN. PEDAGOXÍA. ¿Por que o home que sae fóra da cova quere regresar outra vez á caverna xunto aos prisioneiros encadeados?, ¿o coñecemento da realidade é algo espontáneo e que se alcanza *motu proprio*, por un mesmo?, ¿ou máis ben precisa dun proceso educativo?, ¿quen educa a quen?

5. ÉTICA. Se tiveras que facer un xuízo de valor de tipo ético: ¿que personaxe ou personaxes dirías que obrou ou obraron de xeito eticamente correcto?, ¿por que? En cambio, ¿que personaxe, individual ou colectivo, actuou de forma moralmente inaceptable?, ¿por que razón?

6. POLÍTICA. ¿Quen debería asumir o goberno da república?, ¿que personaxe está chamado a dirixir a polis? Segundo Platón, ¿quen debe gobernar: os máis ricos, os máis fortes ou os máis sabios?, ¿por que motivo?, ¿como se denomina, respectivamente, o réxime político no que gobernan os máis ricos, os máis fortes, os máis sabios e a maioría?, ¿cal sería o réxime ideal, segundo o filósofo ateniense?, ¿que opinión te merece o plantexamento político de Platón?, ¿estás conforme con el? Na túa opinión, ¿cal dos tres sectores sociais mencionados anteriormente, os ricos, os fortes ou os sabios, debería ser o encargado de asumir o goberno da comunidade política? Un dilema: ¿deben gobernar os máis sabios ou a maioría?